**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

# DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** NOVO TERMO PARA ADMISIÓN DE ORIXINAIS PARA O XXIII CONCURSO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000234

Logo de ver que no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 51, do 16 de marzo de 2020, se publicou a convocatoria do Concello de Carral para **o XXIII Premio de Poesía Concello de Carral,** en cuxas bases reguladoras se establecía coma termo de admisión de orixinais o 3 de abril de 2020

Logo de ver que a Disposición Adicional 3ª.1 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 estableceuLogo de ver que que "*Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo*".

Logo de ver que, en cumprimento do devandito precepto, o termo para a presentación de solicitudes en relación coas referida convocatoria quedou suspendido, sen que puidese transcorrer ningún día do prazo establecido, e indicouse que se fixaría de novo en canto fose posible legalmente., e que de todo iso se daría conta polos mesmos medios de publicidade establecidos nas respectivas bases reguladoras.

Logo de ver que o artigo 9 do "Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19" establece que "*Plazos administrativos suspendidos en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas."*

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ,

**RESOLVO**

1).- Advocar, ao non estar prevista a realización de ningunha sesión da Xunta de Goberno Local nas actuais circunstancias, as miñas atribucións delegadas nese órgano mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo correspondentes á aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía, e á aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión.

2).-Fixar coma novo prazo para a admisión de orixinais **para o XXIII Concurso de Poesía "Concello de Carral" dende o 02 de xuño de 2020 até o 23 de xuño de 2020 (ambos incluídos).**

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/06/2020 14:13:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/06/2020 14:13:00)
Decreto Nº: 231/2020 - Fecha de decreto: 01/06/2020
Versión imprimible
CVD: qxwyCfcFgZV8C7OsR216
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3).-** A data do acto de entrega do premio farase pública cando o xurado elixa o autor ou autora gañador/a, e en función das medidas das autoridades sanitarias competentes, obrigadas segundo a evolución da crise sanitaria do COVID-19.

4).- Publicar este decreto na páxina web do Concello (www.carral.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/06/2020 14:13:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/06/2020 14:13:00)
Decreto Nº: 231/2020 - Fecha de decreto: 01/06/2020
Versión imprimible
CVD: qxwyCfcFgZV8C7OsR216
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.